

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 2025-0244, do 25 de abril de 2025, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras do procedemento de selección, mediante o sistema de concurso-oposición e acceso libre, para a provisión dunha praza de operario de servizos múltiples con contrato laboral de substitución por vacante por inminente xubilación do seu titular ata a cobertura definitiva, a tempo completo, conforme ao previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e na Disposición Adicional Cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e a constitución dunha lista de agarda

O 2 de maio de 2025, publicouse no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra» número 82 o anuncio da convocatoria, publicándose as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://meis.sedelectronica.gal>)

Rematado o prazo de presentación de instancias e en cumprimento do disposto no apartado sexto das Bases que rexen o proceso selectivo, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten atribuídas pola lexislación vixente, e en concreto, polos apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e provisionalmente excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, quedando como segue:

- **ADMITIDOS/AS:**

	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN CELGA
1	ABAL RUIBAL DAVID	**9300***	CELGA 2
2	BARCALA ABALO ALEJANDRO	**6314***	CELGA 2
3	CALVO ESTÉVEZ DEMETRIO	**8200***	CELGA 3
4	CAPPA SANZ ALAN	**4057***	CELGA 3
5	DACOSTA GONZÁLEZ JUAN	**4850***	NON
6	GARCÍA RODRÍGUEZ PABLO	**1319***	CELGA 4
7	MARTÍNEZ LODEIRO MIGUEL	**4807***	CELGA 3
8	RODIÑO GRAÑA MIGUEL	**0757***	CELGA 2
9	SEIJAS SILVA JOSÉ LUIS	**8185***	CELGA 2

- **EXCLUÍDOS/AS:**

BUCETA PIÑEIRO, JOSÉ --> Abona a taxa de dereitos de exame pero non presenta solicitude de participación.

SEGUNDO.- Informar que, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, os aspirantes excluídos ou omitidos na relación disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro da anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>],



para emendar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión nas relación de admitidos e excluídos.

Se no dito prazo non se corrixen estes defectos serán definitivamente excluídos do proceso selectivo.

TERCEIRO.- Concluído este prazo e analizadas as reclamacións presentadas, a Alcaldía ditará resolución aprobando as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas, sendo obxecto de publicación do mesmo xeito cas provisionais.

Nesta resolución se indicará a composición do tribunal cualificador, a data da súa primeira sesión constitutiva e a da celebración do exercicio práctico.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

CUARTO.- Ordenar a publicación desta resolución no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>] e, de forma complementaria, na páxina web do Concello.

Significar que a publicación desta resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asina a Señora Alcaldesa Dona Marta Giraldez Barral, en Meis, á data da sinatura dixital; do que, como Secretaria-Interventora, dou fe.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

